

OBSERVACIÓN AOCIÓN:



CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

CURSO 2022-2023

I. INTRODUCCIÓN

O CEIP Emilia Pardo Bazán está situado no barrio de Los Rosales, na cidade de A Coruña.

Aglutinamos nel a poboación do barrio de Labañou, do Polígono de Los Rosales e unha pequena porcentaxe de alumnos procedentes de O Portiño (fundamentalmente de etnia xitana).

O barrio de Labañou está constituído fundamentalmente por vivendas de "tipo social": Grupo María Pita, Grupo Pardo Santallana, edificio Herradura e torres da rúa Espiga. O Polígono de Los Rosales é de máis recente creación. Isto fai que no centro coexistan diferentes grupos socioeconómicos e culturais.

Dende fai máis dunha década, o colexio é de liña 3. O descenso de natalidade que se ven observando ultimamente xa tivo como consecuencia que neste curso e no pasado, unicamente comezasen dous grupos de 3 anos. Aínda así, somos un dos colexios públicos mais grandes da cidade.

Contamos actualmente con 550 alumnos/as: 140 en Educación Infantil, repartidos en 7 unidades situadas nun edificio de nova construción (2015), e 410 de Educación Primaria, repartidos en 18 unidades no edificio principal.

O colexio está adscrito ó I.E.S. Salvador de Madariaga para a Educación Secundaria Obrigatoria.

O colexio conta cun equipo de profesores maioritariamente definitivo e cunha media de idade de 48 anos. Somos un total de 45 profesores, repartidos entre titores dos dous ciclos e especialistas de filoloxía francesa, filoloxía inglesa, educación física, música, relixión católica e relixión evanxélica. O Departamento de Orientación está composto pola Orientadora e 3 especialistas de pedagogía terapéutica (unha está adscrita á aula específica de EE) e 2 de audición e linguaxe. A maiores, contamos con 4

coidadoras que permiten completar e mellorar a atención de alumnado con algunha NEAE.

Somos un centro de escolarización ordinaria, aínda que o 15% do noso alumnado presenta N.E.A.E. e algúns incluso padecen enfermidades raras.

Dentro do colexio abriuse fai 6 anos unha Aula Específica na que imparte docencia unha especialista en Pedagogía Terapéutica e sempre hai unha coidadora. Nela hai escolarizados 4 alumnos, en modalidade combinada ou ben cunha aula ordinaria do colexio, ou ben con outro centro especial externo.

Mantemos unha traxectoria de colaboración con Entidades socioculturais como Servicios Sociais, co fin de analizar situacións dende perspectivas diferentes e planificar actuacións coordinadas (Centro de Saúde, Servizos Sociais, Asociación de Veciños).

Toda a comunidade educativa do colexio, constituída polo profesorado, o alumnado, os pais e as nais ou representantes legais dos mesmos e o persoal de administración e servizos, basea as súas relacións no respecto mutuo acordo coas leis vixentes e coa práctica democrática.

O centro conta cunha ANPA, "Milnenos", con máis socios cada ano e bastante participativa e colaborativa, cosa que axuda a que, en termos xerais, as relación familia-escola sexan boas.

II. BREVE DESCRIPCIÓN DO TRABALLO DESENVOLVIDO EN FORMACIÓN E INNOVACIÓN NOS ÚLTIMOS ANOS

Tal é como reflíctese no noso Proxecto Educativo, plantexámonos o colexio como un lugar de convivencia harmónica no que a participación de todos e todas, de forma coordinada, posibilita a integración das diversas crenzas, principios, valores e estilos docentes, co obxectivo de acadar un fin común.

O CEIP Emilia Pardo Bazán é un centro que sempre se caracterizou pola súa inquedaanza, experimentación, actualización e innovación:

- Participamos co alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria no Proxecto de Libro Dixital EDIXGAL dende vai 10 anos
- Fomentamos a participación en proxectos que acheguen o mundo da natureza ao noso alumnado, tales como o plan de Horto Escolar-Voz Natura (X ano consecutivo). O centro conta varias zonas de cultivo exteriores e invernadoiro, así como cun patio bastante grande e diferentes niveis no terreo. Participa todo o alumnado con actividades adaptadas á súa idade sendo os protagonistas e participantes activos a través da dinamización do profesorado, personal de limpeza e familias. Todo para chegar a unha "Emilia verde" que aproveite e conserve os espazos verdes, conservándoos, aceptando propostas e ofertando oportunidades para a súa consecución con unha actitude crítica. As actividades son moi diversas: plantacións, coidado da terra, limpeza, xogos de reciclaxe, compost orgánico... contando con toda a comunidade educativa,
- Tamén fomentamos outros proxectos perseguindo o desenvolvemento de capacidades intelectuais, como o Clube de Xadrez, ou as expresivas e comunicativas como o Teatro Interaulas, actividade que, agás os anos que tivo que ser suprimida por mor da COVID, leva facéndose no colexio dende fai máis de 10 anos.
- Parte do claustro comezou a formación para realizar "Patios Dinámicos" no colexio. Quedou pendente a súa posta en práctica por mor da pandemia, pero algunhas das estratexias aprendidas estanse a poñer en práctica xa co alumnado. Actualmente, por exemplo, alumnado de 6º de primaria organiza xogos para o alumnado de 1º, recentemente chegado a un espazo de lecer considerablemente mais grande e moi diferente ao que tiñan en Educación Infantil.

Así mesmo, co proxecto do "*O meu Amigo Maior*" xestionamos unha tutela de alumnado de infantil por parte de alumnado dos últimos curso de primaria.

- A dinamización da *Biblioteca Escolar* pode considerarse hoxe en día un dos principais pilares do noso colexio. Dende o curso 2018-2019 pertencemos ao PLAMBE e dende o 2021-2022 ao Plan LIA. Contamos con dous espazos no centro: a *Biblioteca* con lectura de ficción e xogos de mesa, na planta baixa, e a *Bibliolab*, na segunda planta, onde está incluído o estudio de "Emilia na onda", espazo dedicado á *Radio Escolar*, onde pode participar toda comunidade educativa, cos libros de consulta, con espazos para a investigación e experimentación e zona dixital.

Como parte das actividades coordinadas dende a Biblioteca, no colexio desenvolvemos cada curso un Proxecto Documental Integrado no que participamos toda a comunidade educativa.

Actualmente temos en marcha o PDI "Galeguízate", sobre o Patrimonio material e inmaterial de Galicia.

Os dos cursos pasados, os PDIs desenvolvidos foron premiados no concurso da Dirección Xeral de centros para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos: "Paseando con Emilia" no 2020-2021, e "Mergúllate" (adicado ao mar) no pasado 2021-2022.

- Dende o curso 2015-2016 participamos nos *Contratos Programa* buscando a mellora da calidade educativa, potenciando o desenvolvemento das competencias clave, así como a mellora da convivencia, inclusión, coeducación, prevención de abandono e absentismo escolar ou prevención de desigualdades.
- E dende o 2015-2016 acollémonos tamén ós *Plans Proxecta*, fomentando o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial e co compromiso da consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030: Protexe aos animais (curso 15-16), O sabor da aventura está no mar (curso 18-

19), Aliméntate ben (curso 19-20) , Patrimonio cultural galego e europeo – eTwinning (curso 20-21), Escola Verde (curso 21-22), Proxecto de innovación en dinamización lingüística (cursos 16-17 e 20-21), Voluntario miúdo. Móvete dende o curso 16-17 ata 19-20 e PDC o curso 19-20.

- O curso 2017-2018 comezamos co Programa de Educación Responsable, para favorecer o crecemento físico, emocional, intelectual e social, promovendo a mellora da convivencia no centro. O profesorado recibiu formación durante os tres primeiros anos e, dende o curso 2020-2021 xa somos Centro Graduado e continuamos a traballar cos recursos e actividades do Programa.
- Participamos no programa Etwinning, para promover e facilitar o contacto e intercambio de ideas entre o profesorado e alumnado doutros países participantes: De Coruña/Rumanía para el mundo. Conseguiu o Sello de Calidad polo proxecto e o alumnado (E. Infantil) e aparece reflectido na sección de Boas Prácticas en eTwinning neste curso.
- Toda esta actividade, sobre todo a que inclúe formación para o profesorado, está canalizada dende o curso 2017-2018 mediante o PFPP no que, a maioría dos cursos, ven participando máis da metade do claustro.
As liñas de traballo non sempre foron as mesmas, pero sempre perseguiron a mellora da calidade educativa, a mellora da convivencia e o fomento da innovación educativa.
Actualmente, a liñas de traballo/actividades do PFPP son:
 - A mellora das competencias TIC: grupo de traballo asociado á comisión TIC, cun obxectivo principal: implementar o Proxecto Dixital de Centro elaborado o pasado curso.
 - Biblioteca Escolar: grupo de traballo asociado á comisión de biblioteca, de onde parten moitas das actividades do PDI, e con formación para o profesorado sobre lectura de ficción dixital, e

- Inclusión, integración e benestar emocional: seminario de traballo asociado á comisión de Teatro, dende o que se xestionará a implementación dos Recursos de Educación Responsable como centro graduado que somos, e recibirase formación sobre "Recursos musicais para traballar co alumnado" buscando mellorar a competencia emocional de todos e todas.

III. XUSTIFICACIÓN PARA O CURSO 2022/2023

1. MOTIVACIÓNS PARA PARTICIPAR

A. INTERESES

A nosa traxectoria como centro innovador e que aposta por compartir as nosas experiencias con outros compañeiros e centros levounos a pensar neste programa, xa que facilitará a tarefa de poñernos en contacto con experiencias similares en intereses e diferentes ás nosas, para enriquecer o noso día a día.

Pretendemos canalizar así o traballo en equipo de grupos de profesores/as con intereses comúns, incluíndo a observación activa da práctica docente de todos os membros, establecendo así vías de comunicación para o intercambio de boas prácticas, a reflexión, a formación metodolóxica sobre aspectos innovadores nos procesos organizativos e didácticos e a realización de proxectos de forma conxunta.

O traballo en equipo entre centros educativos con intereses compartidos, establecendo irmandades que fomenten a reflexión sobre aspectos organizativos, metodolóxicos e formativos innovadores fará que poidamos ofrecer unha formación de calidade en beneficio do alumnado.

B. OBXECTIVOS

- Fomentar o desenvolvemento profesional nas competencias Profesionais Docentes para a colaboración, construción conxunta de coñecemento e liderado de xestión de centros
- Intercambiar boas prácticas mediante a observación entre iguais para mellorar a calidade da educación que ofrecemos

-
- Poñer en marcha proxectos con outras Comunidades Autónomas e/ou países, fomentando a integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na nosa práctica docente
 - Potenciar habilidades sociais de comunicación
 - Favorecer un clima de respecto en actividades compartidas con profesorado e alumnado de diferentes centros.
 - Promover a inclusión, aumentando o desexo de socialización e potenciar, así mesmo, habilidades sociais de comunicación.

C. NECESIDADES

Analizamos como vantaxe o feito de que o noso alumnado sexa coñecedor da convivencia con alumnado con discapacidade, así como de contar con profesorado definitivo implicado con este alumnado.

Non obstante, en moitas ocasións valoramos como insuficiente o número de especialistas que farían falta para atender á cantidade de alumnado con NEAE que temos dende fai anos no colexio.

Así mesmo, a ratio é moi elevada nalgúns aula, se temos en conta estas necesidades especiais. Este feito, en ocasións pode afectar a atención xeral do grupo-aula o deses alumnos con NEAE.

Pero, sen dúbida, un dos nosos lastres principais é o pouco tempo dispoñible do profesorado para reunirse e coordinarse, polo que acollémonos a este Programa para alcanzar máis posibilidades de coñecer experiencias doutros compañeiros (do noso centro ou doutros) e así ampliar a nosa formación.

2. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN POLO MENOS DUNHA LIÑA DE TRABALLO.....

Levamos moito tempo traballando na inclusión do alumnado con neae en todas as actividades que realizamos. A Biblioteca, bibliolab, radio escolar e teatro escolar son actividades moi motivadoras para todo o alumnado incluído o máis desfavorecido e o neae.

Estamos traballando para conseguir uns patios máis inclusivos e con menos problemas de convivencia aproveitando o apadrinamento lector e que os maiores ensinen aos pequenos xogos colaborativos e tradicionais.

Temos previsto usar tamén o horto escolar nos tempos de lecer para concienciar no coidado e protección da súa contorna máis próxima ademais de fomentar a limpeza do recinto escolar, realizar xoguetes e xardiñeiras con material refugallo, coidado dos animalíños que nos visitan, coidado da decoración floral do exterior e interior do centro, concienciando o coidado da natureza co uso adecuado de recursos e promovendo un estilo de vida saudable.

3. CONTEXTO EDUCATIVO

Situación actual do centro con respecto a boas prácticas educativas ou de innovación que se están levando a cabo en coherencia coas liñas de participación deste programa.

Actualmente a biblioteca escolar e o punto de unión do traballo cun PDI anual que se elixe entre todos, actualmente é "Galeguízate", a través del imos a profundizar no patrimonio material e inmaterial galego usando todos os medios e recursos do centro e con actividades adaptadas a todo o alumnado. Caben destacar as entrevistas e artigos para a radio escolar.

En horario extraescolar funcionan cinco clubs de lectura nos que tamén hai cabida para todo o alumnado e estamos a formar un equipo de familia para colaborar na biblioteca e escoller actividades axeitadas para realizar cos seus fillo e fillas.

O horto escolar está funcionando sobre todo co alumnado de E. Infantil que acode regularmente co profesorado e, como dixemos anteriormente, queremos que sexa parte do recreo do alumnado de primaria.

Hai un grupo de teatro escolar "Interaulas" que está formado por alumnado de varias idades, este ano pretendemos representar "O Bosque Animado", hai música, danza... e a participación activa de familias e profesorado para poder logralo. Sempre temos papeis reservados e adecuados ao alumnado con neae que teñen unha grande acollida. Recibimos o 1º premio durante 5 anos consecutivos no Certame de teatro Candilejas.

4. PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN

- . Xornadas de Biblioteca Escolar
- . Xornadas de Clubs de lectura
- . Xornadas de Equipos directivos de Mariñán
- . Xornadas en CFR como Aprendizaxes basados en proxectos a través de eTwinning
- . Xornadas na Universidade de A Coruña
- . Xornadas en centros educativos da cidade

IV. PARTICIPANTES

1. Equipos directivos.

- Directora: M^a Aurora Candal Miranda

2. Docentes: Especialidade e materias impartidas no presente curso.

Apelidos, nome	Materias
Amor Boquete, Yolanda	Aula de E.E
Arenas Hernan, Cristina	E Musical en E. Infantil, 1º, 2º, 3º e 4º, L. Castellana e L. Galega 3º
Candal Miranda, M ^a Aurora	C Sociais, C da Natureza, E Plástica e P. Competencial en 3º
Fernández Sánchez, Rosa M ^a	Inglés en Infantil, 5º e 6º de Primara
López Manteiga, Raquel	Titora 5º EP
López Rodríguez, Diego	E Física 2º, 4º e 5º, robótica e coordinador Biblioteca
Pérez Álvarez, M ^a Pilar	Profesora Apoio E. Infantil
Salgado Martínez, Soraya	Titora 1º EP
Suárez González-Vallés, M ^a Eugenia	Titora 6º E.I.

2. Porcentaxe de participación do claustro no proxecto : 20%

V. EXPERIENCIAS, PREMIOS E PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS INSTITUCIONAIS

PREMIOS:

- Selo de calidade e Boas Prácticas de eTwinning
- No VII e VIII Concurso de Traballo por Proxectos coordinados ou co apoio da biblioteca escolar

Actualmente estamos no Plambe e LIA 3.0, biblioteca creativa, Clubs de lectura, Radio na biblio, Contratos_Programa: Inclúet e EmociónAT, PFP, Voz Natura

Todas as actividades do centro amósanse a través da web do centro, Canle de Telegram, Blog da Biblioteca, Blogues do profesorado, Twitter e Instagram apoiado polo Blog da ANPA e as súas redes sociais.